

A velocidade do raio

O misterio, mesturado con episodios humorísticos e certa dose de compoñente romántica, é algo que sempre consegue captar a atención dos rapaces e rapazas que len e Agustín Fernández Paz (Lugo, 1947), un veterano xa neste público e un autor que tanto contribuíu á renovación da literatura infantil e xuvenil galega, sábeo. Por iso, nesta pequena novela titulada *O raio veloz*, moi aconsellable para os nenos que cursan estudos de terceiro ciclo da educación primaria ou tamén para os primeiros cursos da secundaria, depende do nivel lector co que contén os alumnos, insire as devanditas características no medio dunha historia protagonizada por un rapaz de 26 anos chamado Adrián, recién licenciado en económicas quen lonxe de se querer converter nun prestixioso contable prefere dedicar a súa vida a facer feliz aos demais.

Adrián xa tivera moitos traballos, como nos conta o narrador, mais por moi aparentemente marabillosos que fosen non conseguía acadar o seu obxectivo, ate que comeza traballar coma mensaxeiro nunha empresa de mensaxería. Por ilóxico ou surrealista que pareza, dende aí poderá facer feliz a moita xente facendo, ás veces, algunha simpática

Misterio, humor e romantismo



PAULA FERNÁNDEZ



e efectiva modificación na carta ou no paquete, tales como mudar as notas dunha mestra moi estrita ou mu-

dar os alimentos que portaba unha cesta de nadal por outros máis saudables que beneficiarían máis ao receptor. Mais, mentres transcorren todas estas pequenas aventuras, o que menos agardaba o rapaz era comezar recibir notas cheas de misterio con alusións directas e referencias literarias ou musicais e mesmo xeroglíficos que o levarán atopar unha rapaza namorada del.

Deste xeito, o autor conxuga dentro do seu discurso esas compoñentes que atrapan a quen le chegando mesmo a transformar un instrumento coma un libro, onde o papel emite unha mensaxe que o lector-receptor recibe, nun auténtico xogo interactivo baseado en xeroglíficos encamiñado a resolver a pregunta de quen envía esas cartas a Adrián.

Trátase xa que logo dunha obra divertida e asombrosa nalgúns intre na que o máis salientable é o predominio dos bos sentimentos de cara ás persoas anónimas, ás que non coñecemos e coas que nos cruzamos todos os días, e, que de seguro pode facer que atopemos o gusto e a diversión sacando todo o positivo que temos dentro.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, O raio veloz (ilustr. Andrés Meixide), Ed. Planeta&Oxford, Madrid, 2006, 98 páxinas